

presenta-las reclamacións que estimen oportunas, as cales deberán ser dirixidas ó Sr. Alcalde-Presidente desta Corporación.

Láncara a 31 de outubro de 2011. O ALCALDE.: Eladio Capón López.

R.5160

## LUGO

### *Anuncio*

Por Decreto nº 825/2011 do día 4 de novembro, do Libro de Resolucións en materia de Contratación e Patrimonio, ditado pola Tenente de Alcade Delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Eduacación, aprobáronse os pregos de prescripcións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, o gasto e a apertura do procedemento de contratación para a **SUBMINISTRACION DE EQUIPAMENTO DO MUSEO INTERACTIVO DA HISTORIA DE LUGO SITO NA AVENIDA INFANTA ELENA, ESQUINA COA RÚA RIO NARLA DA CIDADE DE LUGO FINANCIADO POLO FONDO ESTATAL PARA O EMPREGO E A SOSTENIBILIDADE LOCAL.**

Por medio deste anuncio dáse a coñecer a licitación conforme ás seguintes características:

#### **1.- Entidade adxudicadora.**

a) **Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.

b) **Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento.

#### **2.- Obxecto do contrato.**

a) **Descrición do obxecto:** O obxecto do presente contrato é a subministración do equipamento do Museo Interactivo da Historia de Lugo, dividido en tres lotes, podendo presentarse ofertas a cada un deles ou á totalidade do contrato:

**Lote 1: 60 BUTACAS TIPO MODELO PERSEO, ROMA OU SIMILAR**

**Lote 2: 4 SILLONS DIRECCIÓN E 3 SILLÓNS OPERATIVOS**

**Lote 3: MESA CONFERENCIANTE E 5 PUFFS**

b) **Prazo de entrega:** O prazo máximo de entrega dos subministros obxecto da presente contratación será de VINTE DÍAS NATURAIS dende a formalización do contrato administrativo e en todo caso antes do 28 de decembro deste ano.

#### **3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.**

a) **Tramitación:** urxente

b) **Procedimientto:** aberto

#### **4.- Tipo de licitación**

a) **Orzamento máximo do Contrato:**

O valor estimado do contrato é de 34.775 euros polo que aplicado o IVA do 18% (6.259,50 euros), o presuposto total ascende a 41.034,50 euros desglosado como segue:

LOTE 1: 28.500 euros máis o IVE ( 18%) - 5.130 euros - resultando un total de 33.630 euros IVE incluído.

LOTE 2: 3.275 euros máis o IVE ( 18%) - 589,50 euros - resultando un total de 3.864,50 euros IVE incluído.

LOTE 3: 3.000 euros máis o IVE ( 18%) - 540 euros - resultando un total de 3.540 euros IVE incluído.

#### **5.- Garantías:**

a) **Provisional:** Non se esixe

b) **Definitiva:** 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE.

#### **6. Obtención de documentación e información.**

a) **Entidade:** Concello de Lugo, Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento

b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197, 3ª planta.

c) **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

d) **Teléfonos:** (982) 29-71-43, 29-71-45, 29-71-44, 29-73-01

e) **Telefax:** (982) 29-72-59.

f) **Dirección internet:** www.lugo.es (Perfil do contratante/contrato de subministracións)

g) **Data límite de obtención de documentos e información:** Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

**7.- Requisitos específicos do contratista.**

a) **Outros requisitos:** Os sinalados nos pregos de condicións

**8.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.**

a) **Data límite de presentación:** 8 días naturais contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No suposto que o último día coincidise en sábado ou festivo, prorrogarase ata o seguinte día hábil.

b) **Documentación que hai que presentar:** A que figura no prego de cláusulas administrativas.

**c) Lugar de presentación:**

1ª **Entidade:** Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou ben por correo.

2ª **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197

3ª **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

**9.- Apertura das ofertas.**

a) **Entidade:** Concello de Lugo

b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197, 3ª Planta

c) **Localidade:** Lugo

d) **Data:** Ó segundo día natural contado a partires do remate do prazo de presentación de proposicións. Se dito día coincidise en sábado ou festivo a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

**10.- Outras informacións:** As que se recollen no prego de prescripcións técnicas e no prego de cláusulas administrativas particulares.

**11.- Gastos de anuncios:** 173,16 euros, que serán por conta do/s adxudicatario/s.

Lugo, 7 de novembro de 2011. O ALCALDE, P.D. TENENTA DE ALCALDE DELEGADA DA ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN, Asdo.: Sonia Mendez Garcia

R.5180

---

## MONFORTE DE LEMOS

### *Anuncio*

#### **ASUNTO: ANUNCIO PUBLICACIÓN LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS/EXCLUÍDOS PROCESO DE CONSOLIDACIÓN DA PRAZA DE TÉCNICO DE ADMINISTRACIÓN XERAL:**

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 27 de Outubro de 2011, adoptou o seguinte acordo que se transcribe literalmente:

“26. LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS/ EXCLUÍDOS PRAZA DE TÉCNICO DE ADMINISTRACIÓN XERAL.

Antecedentes:

1º Visto que no Diario Oficial de Galicia nº 97 de 25 de maio de 2010 se publica o anuncio de oferta de emprego público.

2º Visto que na Xunta de Goberno Local de 19 de maio de 2011 se aproban as bases de consolidación de emprego temporal, publicadas no Boletín Oficial da provincia de Lugo nº 143 de 24 de xuño de 2011.

3º Vista a Resolución de Alcaldía de 7 de xuño de 2011, na que se nomea o Tribunal de selección do proceso de consolidación, publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 145 de data 27 de xuño de 2011.

4º Vistas as Resolución de Alcaldía notificadas ós interesados de data 23 de xuño de 2011 onde se lle notifica que están afectados polo proceso de consolidación.

5º Vista as Resolucións de 8 e 11 de xullo referente ás convocatorias para prover varias prazas, publicada no Boletín Oficial do Estado nº 171 de 8 de xullo e no nº 173 de data 20 de xullo de 2011.

6º Vistas corrección de erros aprobadas por acordo de Xunta de Goberno Local de 1 de setembro publicada no BOP de Lugo Núm. 208 de 10 de setembro e no BOE Núm. 229 de 23 de setembro.